

A Danza Histórica ou Cortesana.

Con este título inclúese o repertorio de danza conservado por escrito dende os séculos XV ao XVIII , e que inclúe o conxunto de bailes e danzas, sociais e de teatro que se bailaron en Europa nese período.



Ten unha connotación de antigüedad; en francés se lle chama *danse ancienne* e en inglés *early dance*, referido en ambos os dous casos a ese pasado ao que fai referencia.

Para reconstruír e estudar esta danza, partimos de distintas fontes de documentación:

- **Os tratados de danza.** Eran manuscritos adicados á nobreza europea e todo aquel que soubese ler e escribir. Nestes tratados con todo tipo de detalles inclúense pasos, figuras, acompañamento musical, e incluso as normas de cortesía que debían seguirse nos bailes. Para adquirir todos estes movementos, existía nas cortes e nas representacións teatrais, un **mestre de danza** que instruía os principios indispensables do comportamento cortesán. Eles foron os primeiros en crear os primeiros tratados nos que non había un sistema de notación universal.
- **Orchesographie de Thoinot Arbeau (1588)** : contén instrucións detalladas da baixa danza (danzas sen saltos) de finais da Idade Media e do Renacemento, convertíndose no principal fonte de información sobre a danza desa época. É de orixe francesa.
- **The dancing master John Playford (1651):** recolle danzas populares inglesas (country dances) nas que se inclúen melodías e pasos que non sempre son expresados de maneira moi precisa para a nosa linguaxe actual pero que na época sí resultaban de fácil comprensión porque todo o mundo as danzaba.

- **En España** durante o Renacemento non se conservan manuscritos propiamente nacionais. Os mestres de danza non consideraban de interese escribilos e política e ideolóxicamente tampouco estaban permitidos.
- **As partituras musicais:** adoitan incluírse nos tratados de danza e aparecen relacionadas cos pasos de danza.
- **A iconografía:** as imaxes aportan moita información sobre as descrições dos tratados.
- **As partituras coreográficas,** que son anotacións específicas do movemento da danza. O termo *coreografía* comezou a utilizarse en Francia a finais do século XVIII para referirse á "escritura de la danza". Grazas a este método de escritura podemos saber en que momento da peza musical realizábase cada paso, figura ou cambio de dirección, o que proporciona unha reconstrucción da danza moi exacta.

Estes tratados falaban dunha estética de entender os movementos corporais dentro do mundo cortesán. Estes movementos obedecen a un código aprendido dende a infancia que non so tiña un sentido formal senón un contido social e político: as reverencias eran o xeito cotiá de saúdo e debían realizarse de diversas formas en función do estatus social de quen a facía e de quen a recibía. Asemade, **a reverencia** é o inicio de todas as danzas de cortesía.

Nas formas da danza cortesá estaban implícitas moitas das ideas acerca da organización social, a moralidade, o papel da muller na sociedade... Cando bailamos unha danza doutra época temos que interpretar tamén a súa forma de comportamento, aspecto moi interesante, porque permite observar que noutrora existiron sociedades con puntos de vista distintos aos actuais, permitíndonos en certo modo poñernos no seu lugar a través dos seus códigos corporais. Porén, tamén hai aspectos que se manteñen ao longo dos séculos.

COMPRESIÓN DE TEXTO

- 1- Que significa "danse ancienne" ou "early dance"?
- 2- Qué é a baixa danza?
- 3- Cal era a función dun Mestre de danza?
- 4- Para que era importante danzar?
- 5- Que tratados de danza destacan na época do Renacemento?
- 6- Por que non se conserva ningún de orixe español?